

Irene, viuva de Manuel Rodríguez López,  
no nome da familia,  
entregoulle a Mato o poema  
**CANTO Ó CARBALLO**  
e un exemplar mecanografiado de  
**CONTOS DA NOSA TERRA**,  
corrixido manualmente polo poeta.

## CANTIGA O CARBALLO

Ouh frondoso carballo sombrizo  
que por séculos deches av enos,  
agarimo e quentura ó labrego,  
alumea o meu probe cantar!

Amodiño queimándose os cepos  
o teu lume na anterga lareira  
consolou os meniños e vellas  
coa sagrada fogueira ancestral.

E nas maus do artesano galego  
eres carro, eres grade e arado;  
eres mango de sacha e machado,  
faste cuba pra o vîño gardar.

Longos anos ti fuches, carballo  
o conforto das nosas aldeas;  
a Galicia contigo está en deuda,  
patriarca de cerna inmortal!

Manuel Rodríguez López  
Do libro *Soldada Mínima*, 1979

*A familia de Manuel Rodríguez López adica esta poesía a Xesús Mato, carballo paradelense dedicado ó servizo da sociedade.*

*Galicia salda hoxe en parte a súa deuda contigo.*

No acto de entrega do título de Fillo Predilecto de Paradela a Xesús Mato.

Paradela (Lugo), 25 de Xuño de 2005.